
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA
DE GALICIA QUE TIVO LUGAR
NA DELEGACIÓN DA XUNTA EN FERROL
O 24 DE MARZO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Cospeito.
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Montederramo.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Montederramo.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba definitivamente o proxecto de modificación puntual núm. 20 das Normas subsidiarias de planeamento municipal do concello de Nigrán (Pontevedra), referida a determinacións de solo apto para urbanizar do Porto do Molle (SAU-9).
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola vía de alta capacidade da Costa Norte. Treito: AG-64 (San Sadurniño) – Campo do Hospital. Subtreito As Felgasas – Campo do Hospital.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas de Arte e Superior de Deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se establece a ordenación de apartamentos e vivendas turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo para a aprobación das bases e acordo de convocatoria do concurso para o outorgamento de licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual radiofónica de carácter comercial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se aproba a ampliación do proxecto de desenvolvemento integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortelgal ata o 2013 (Plan Ferrol).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a reversión a favor do Concello de Celanova do inmovible cedido á Comunidade Autónoma de Galicia con destino á construción da estación de autobuses.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Narón, para a execución da obra: "Plan de saneamento rural. Segunda fase. Parroquia de San Mateo. Concello de Narón (A Coruña)", clave OH.315.988, polo importe de un millón setecentos sete mil douscentos oitenta e un euros con sesenta e catro céntimos (1.707.281,64 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Boqueixón, para a execución da obra: "Saneamento en Loureda. Fase I. Concello de Boqueixón (A Coruña)", clave OH.315.990, polo importe de catrocentos cincuenta e cinco mil trinta euros con sesenta e dous céntimos (455.030,62 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio asinado o 29 de novembro de 2007 entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, o Instituto Español de Comercio Exterior, as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e o Consello Superior de Cámaras Oficiais de

Comercio, Industria e Navegación de España, para o desenvolvemento do programa Plan de Iniciación á Promoción Exterior (PIPE), correspondente á anualidade 2011 (para as empresas con data de entrada no programa anterior ao 1 de xaneiro de 2011), polo importe de cento catorce mil setecentos cincuenta e oito mil euros 114.758,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da Addenda ao convenio asinado o 29 de novembro de 2007 entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, o Instituto Español de Comercio Exterior, as cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e o Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de España para o desenvolvemento do programa de seguimento PIPE, correspondente á anualidade do 2011 (para as empresas con data de entrada no programa anterior ao 1 de xaneiro de 2011), polo importe de corenta e catro mil oitocentos cincuenta euros (44.850,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración subscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a asociación para a loita contra enfermidades renais-ALCER, para a cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo, por un importe de seiscentos trinta e catro mil setecentos noventa e dous euros con cincuenta e seis céntimos (634.792,56 €).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE), para programas de atención ambulatoria das persoas afectadas de dano cerebral adquirido. Importe: vinte mil euros. (20.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (FEGEREC), para o desenvolvemento de actividades destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de enfermidades raras e crónicas. Importe: dezanove mil euros (19.000,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación de Parapléxicos e Grandes Minusválidos de Galicia (ASPAYM), para o financiamento do programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares residentes en Galicia. Importe: corenta e oito mil novecentos vinte e cinco euros (48.925,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Entidades e Organizacións Protectoras de Persoas con Autismo da Comunidade Autónoma de Galicia (AUTISMO GALICIA), para colaborar no mantemento da Federación. Importe: setenta e oito mil douscentos oitenta euros (78.280,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados de contía superior o establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (DOWN GALICIA), para o mantemento da Federación e promoción de actividades ás persoas con síndrome de Down en Galicia. Importe: douscentos corenta e catro mil seiscentos vinte e cinco euros (244.625,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Asociacións de Atención ás persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns (FEDERACIÓN ASPACE GALICIA), para colaborar no mantemento da Federación. Importe: vinte e seis mil euros (26.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a

Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación de Pais, Profesionais e Amigos das persoas con discapacidade intelectual (SPECIAL OLYMPICS GALICIA), para promover a realización de actividades de formación, ocio e deportivo-terapéuticas dirixidas a persoas con discapacidade intelectual de Galicia, e as súas familias. Importe: douscentos quince mil douscentos setenta euros (215.270,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o financiamento do Programa de Atención a Persoas con Discapacidade en áreas rurais de Galicia. Importe: trescentos noventa e un mil catrocentos euros (391.400,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual de Galicia (FADEMGA FEAPS GALICIA), para promover a atención das persoas con discapacidade intelectual residentes na Comunidade Autónoma de Galicia. Importe: douscentos vinte e cinco mil cincuenta e cinco euros (225.055,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Asociacións de persoas xordas de Galicia (FAXPG), para a realización do programa de atención a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e o mantemento da Federación. Importe: oitocentos trinta e un mil setecentos vinte e cinco euros (831.725,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES GALICIA), para o desenvolvemento dos seus

programas dirixidos ás persoas con enfermidade mental residentes na Comunidade Autónoma de Galicia. Importe: trescentos noventa e un mil catrocentos euros (391.400,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (FAGAL), para o financiamento dos programas de atención dirixidos a familiares de enfermos de Alzheimer residentes en Galicia e mantemento da Federación. Importe: vinte e seis mil euros (26.000,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación galega de persoas con discapacidade (COGAMI), para o financiamento de programas de formación profesional e formación ocupacional de persoas con discapacidade, no 2011, con financiamento do Fondo Social Europeo (FSE), cun importe total de cinco centos oitenta e catro mil dezaseis euros (584.016,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Xinzo de Limia (Ourense), para a xestión do centro de limpeza e desinfección dese concello por un importe de dez mil euros (10.000,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Medio Rural para a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento, por un importe total de cincocentos cincuenta e catro mil cincocentos oitenta e seis euros (554.586,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a agrupación de interese económico lonxa do campelo ,para a realización do proxecto de estabilización produtiva da ría de Pontevedra (2º

trimestre, 2011), polo importe total de douscentos vinte e cinco mil seiscentos cincuenta e tres euros con setenta e seis céntimos (225.653,76 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores da Coruña para a execución do proxecto de recuperación dos bancos intermareais (marisqueo a pé), 2º trimestre 2011, por un importe total de trescentos sesenta e un mil douscentos noventa e dous euros con corenta céntimos (361.292,40 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Mugar dos para a execución do proxecto de recuperación dos bancos intermareais (marisqueo a pé), 2º trimestre 2011, por un importe total de cento sesenta e dous mil corenta e un euros con trinta e oito céntimos (162.041,38 €).
- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e as confrarías de pescadores de Barallobre e Ferrol, para a execución do proxecto de recuperación da ría de Ferrol (bancos submareais), 2º trimestre 2011, por un importe total de un millón seiscentos vinte e seis mil oitocentos catorce euros con oito céntimos (1.626.814,08 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre diversas medidas e acordos adoptados en materia de contratación pública.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a proposta de acordo de medidas de apoio ao sector naval en Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre estratexia de innovación e xestión de saúde pública da Consellería de Sanidade.
- Informe sobre a licitación das obras de reforma e ampliación do centro de saúde de Serantes-Ferrol.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre a candidatura do “Ferrol da Ilustración” para a súa inclusión na lista do patrimonio mundial da Unesco.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia de diversas ordes polas que se establecen as bases de concesión de subvencións e convocatoria para o ano 2011 en materia de promoción do emprego.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a execución das axudas á transformación e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura cofinanciadas co fondo europeo da pesca (FEP), correspondentes ao ano 2010.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ESCUDO E A BANDEIRA OFICIAL DE MONTEDERRAMO E A BANDEIRA DE COSPEITO

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que se establecen as conformacións oficiais da bandeira do concello de Cospeito e do escudo e bandeira do concello de Montederramo.

A bandeira de Cospeito queda en pano verde con dúas torres aclaradas de vermello, na parte inferior catro ondas de branco e azul. O pano de cor verde alude ao ambiente pola condición de pertencer gran parte do territorio municipal á reserva da biosfera Terras do Miño, declarada pola Unesco no ano 2002 lugar de importancia comunitaria, e por formar parte da Rede Natura 2000. As ondas de prata e azul representan a lagoa de Cospeito, os ríos Miño, Támoga, Anllo, e Guisande. Tamén aparece a liñaxe dos Ribadeneira, de influente presenza no municipio ao longo da Idade Moderna. As torres representan o papel que desempeñaron na historia de Cospeito as fortalezas de Barreira, e Vilaxoán ou Caldadoba. A súa cor amarela representa a actividade económica, agrícola e gandeira.

Por outra banda, o concello de Montederramo considerou conveniente organizar correctamente o seu escudo e a súa bandeira para perpetualo coa simboloxía adecuada e conforme as normas da heráldica.

Polo que, deste xeito o escudo do concello de Montederramo queda en campo de ouro aparece un carballo arrincado acostado de dúas flores de loto de goles. Ó timbre de coroa real pechada. O campo de ouro e cor sinople representan o compromiso das súas xentes polo desenvolvemento dentro do equilibrio ambiental. A árbore e as flores de loto aluden ás armas heráldicas do mosteiro cisterciense de Montederramo, fundado en 1124. As flores simbolizan o renacemento do sol, da vida, da fecundación e a resurrección. E o carballo alude á riqueza forestal, á actividade gandeira e agraria, e ao carácter rural do municipio.

A bandeira de Montederramo quedaría sobre pano amarelo, no ángulo superior da hasta un carballo de verde acompañado de dúas flores de loto de vermello, unha a cada lado do tronco. O pano de amarelo e cor verde da árbore representan o compromiso das súas xentes dentro do equilibrio ambiental. A árbore e as flores de loto representan as armas heráldicas do mosteiro de Montederramo. As flores simbolizan o renacemento do sol, da vida, da fecundación e a resurrección. O carballo alude á riqueza forestal, á actividade gandeira e agraria, e ao carácter rural do municipio.

A XUNTA APROBA UNHA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE NIGRÁN PARA INCORPORAR AO PLANEAMENTO O NOVO ENLACE DO PARQUE EMPRESARIAL DE PORTO DO MOLLE COA AG-57

- *Segundo a Lei de estradas de Galicia, o proxecto de trazado dunha nova estrada ou variante comportará a modificación do planeamento*
- *A Consellería de Medio Ambiente puxo en servizo o enlace de Porto do Molle o pasado 30 de xuño, situado no punto quilométrico 3 do ramal a Nigrán da autoestrada*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a modificación puntual do planeamento de Nigrán (normas subsidiarias de planeamento municipal) para incorporar o trazado do novo enlace de Porto do Molle coa autovía AG-57, proxecto incluído nas obras de mellora da funcionalidade da autoestrada do Val Miñor (AG-57).

Segundo consta na Lei de estradas de Galicia, o proxecto de trazado dunha nova estrada ou variante comportará a modificación do planeamento urbanístico existente, que deberá de acomodarse ás determinacións do estudo informativo.

A modificación autorizada hoxe polo Consello da Xunta comporta una serie de modificacións das normas subsidiarias (NNSS):

1. Incorporación ao planeamento xeral, como solo rústico de protección de infraestruturas, do novo trazado do enlace da autoestrada AG-57 co ámbito do solo apto para urbanizar, SAU-9, de Porto do Molle.
2. Modificación da delimitación do ámbito do SAU-9, para incorporar os terreos que estaban previstos para o enlace que non foi executado.
3. Modificación dalgunhas determinacións do SAU-9; integración da canalización dun afluente do río Muíños no sistema de espazos libres públicos, e establecemento de novas condicións de edificación.

Estas alteracións teñen unha serie de consecuencias:

- A superficie total do sector increméntase en 1.575 m², ao pasar de 1.012.215 m² a 1.028.790 m².
- O solo rústico de protección das augas mantense en 92.880 m².
- O solo rústico de protección de infraestruturas adscrito ao sector, increméntase en 7.376 m².
- Os 7.371 m² do solo rústico de protección de infraestruturas do antigo enlace que non se executará, pasará a ser solo do sector destinado a espazos libres.

-
- O solo rústico de protección das augas do río Muíños, cualificado como sistema xeral de espazos libres, mantén a súa superficie sen prexuízo de lixeiros reaxustes que nel se producen para adaptalo aos límites do ámbito.

Conexión coa autoestrada

A Consellería de Medio Ambiente puxo en servizo o enlace de Porto do Molle o pasado 30 de xuño, situado no punto quilométrico 3 do ramal a Nigrán da autoestrada. Ata ese momento non existía ningún tipo de conexión na autoestrada á altura do parque empresarial de Porto do Molle. Esta conexión consistiu na disposición a nivel dunha rotonda no tronco da AG-57, no seu ramal de Nigrán e unha pasarela peonil sobre o tronco. O importe desta actuación ascendeu a 6,4 millóns de euros.

Antecedentes

O termo municipal de Nigrán conta cunhas normas subsidiarias de planeamento municipal (NNSS) aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo de Pontevedra o 25 de novembro de 1987, e cuxo texto refundido foi aprobado definitivamente o 16 de outubro de 1991. Estas normas subsidiarias foron obxecto de posteriores modificacións, como a modificación puntual nº5 aprobada definitivamente o 27 de setembro de 2002, que recolle un estudo para a diversificación de usos na área do parque industrial terciario de Porto do Molle (SAU-9), e incorpora o sistema xeral do río Muíños e o trazado executado da autoestrada do Val Miñor.

A XUNTA AVANZA NA VAP DA COSTA NORTE CO INICIO DOS TRÁMITES EXPROPIATORIOS DUN NOVO TREITO, ENTRE AS FELGOSAS E CAMPO DO HOSPITAL

- *Con este paso, todo o tramo entre San Sadurniño e Campo do Hospital, de case 20 quilómetros, atópase actualmente en expropiacións*
- *O decreto de expropiacións aprobado hoxe ten unha lonxitude de 5 quilómetros e supón un investimento de case 45 millóns de euros*
- *Implicará a expropiación de máis de 400 leiras, cun custo de 2,1 millóns de euros*
- *Na actualidade, máis dun 45% da VAP está en execución ou en fase de expropiación*
- *Cabe destacar o compromiso da Xunta coa vertebración do norte de Galicia, incrementando o investimento das vías de altas prestacións da costa cun orzamento de 21,4 millóns de euros en 2011*

A Xunta de Galicia deu hoxe un paso máis para completar a vía de altas prestacións da Costa Norte, a cal xunto coa autovía A-8 (autovía do Cantábrico) e a AG-64 (Ferrol-Vilalba) articulará todo o territorio norte de Galicia, desde Ferrol ata Cervo.

Para isto na súa reunión de todos os xoves, o Consello da Xunta autorizou o decreto polo que dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de execución do subtreito da vía de altas prestacións (VAP) da Costa Norte comprendido entre As Felgosas, no concello de Cerdido, e Campo do Hospital, no municipio de Ortigueira, de algo máis de 5 quilómetros de lonxitude.

Para levar a cabo esta actuación expropiaranse un total de 430 leiras dos municipios sinalados. A infraestrutura viaria contará cun orzamento de case 45 millóns de euros por parte da Xunta, dos cales 2,1 millóns corresponden a expropiacións.


As Felgosas-Campo do Hospital

En canto ás características técnicas, o proxecto contempla unha sección transversal de corredor de dous carrís de 3,50 metros cada un. Ademais, cabe citar que a velocidade establecida é de 100 km/hora e o raio mínimo das curvas é de 694 metros. No que se refire a unidades de obra, proxéctanse dous viadutos: Río Guelle, de 155 metros; e río Guntín, de 200 metros.

O proxecto tamén recolle a reposición de camiños de servizo, a colocación de redes de abastecemento e saneamento, a drenaxe lonxitudinal e transversal e a sinalización e balizamento. Esta actuación beneficiará directamente unha poboación total de máis de 88.900 habitantes dos concellos de Ferrol, Moeche, Mañón, San Sadurniño, Cerdido e Ortigueira.

VAP da Costa Norte

A vía de altas prestacións da Costa Norte une San Sadurniño con San Cibrao e o importe a que se eleva a materialización desta vía é de 460 millóns de euros. Para levala a cabo, segmentouse o seu trazado en 10 treitos que implican a construción de 83,21 quilómetros de vía de altas prestacións.



Neste momento, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas está a executar as obras de construción de dous treitos da VAP Costa Norte: a variante de Ortigueira e o treito Celeiro-San Cibrao, que supoñen un 21,52% da lonxitude prevista.

Os treitos que se atopan en fase de expropiacións suman 19,67 quilómetros, é dicir, o 23,64% da vía. En total, máis dun 45% da infraestrutura está en execución ou en fase de expropiación. Por último, os tramos en proxecto supoñen 45,63 quilómetros, o 54,84%.

Cabe destacar o compromiso da Xunta coa vertebración do norte de Galicia, incrementando o investimento da vía de altas prestacións da costa cun orzamento de 21,4 millóns de euros en 2011. Polo tanto, a pesar do recorte orzamentario, a Xunta blinda e garante o investimento necesario para a construción da VAP da Costa Norte.

Con esta nova vía, da cal se inicia o trámite de expropiacións, preténdese contribuír á vertebración das comunicacións do norte das provincias da Coruña e Lugo e os núcleos de poboación da costa, entre os cales destacan as comarcas de Ferrolterra, Ortegal e A Mariña. A actuación suporá unha importante mellora na capacidade e nivel de servizo respecto aos proporcionados pola actual estrada AC-862 (Ferrol-límite de provincia-San Cibrao).

EDUCACIÓN REGULA POR PRIMEIRA VEZ O FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS DE ARTE E SUPERIORES DE DESEÑO

- *Desta forma dáse resposta ás características singulares destes centros*
- *Este ROC únese ademais aos xa aprobados para as Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia e para os conservatorios de Música e Danza*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dotará por primeira vez a escolas de arte e superiores de deseño dun regulamento orgánico (ROC) que prevé as súas especificidades. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao decreto polo que se establece o Regulamento orgánico destas escolas na Comunidade Autónoma de Galicia, no cal se fixa para estes centros un marco de organización, funcionamento e goberno diferenciado dos centros docentes públicos que imparten ensinanzas de réxime xeral.

Desta forma, a Consellería dá resposta ás características singulares destas escolas, dotándoas dun regulamento que permite a estes centros poñer en marcha dinámicas de funcionamento propias, nas cales concreten tanto os aspectos relacionados co seu goberno e administración coma aqueles de tipo organizativo que permitan realizar de maneira específica os proxectos educativos e as actividades académicas e artísticas propias destes centros.

Avaliación da calidade

Asemade, e coa finalidade de garantir a calidade e promover a excelencia das escolas de arte e superiores de deseño, este decreto establece a realización de avaliacións internas, por parte de cada escola, e externas baixo a responsabilidade da Consellería. O obxectivo é pescudar o nivel de logros destes centros docentes públicos, de acordo cos requirimentos sociais da formación nas ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño e as superiores de deseño. A información obtida mediante estas avaliacións ha permitir determinar os elementos que actúan sobre a eficiencia e a eficacia das escolas de arte e superiores de deseño para, en consecuencia, ratificalos, modificalos ou substituílos coa finalidade de asegurar a súa calidade.

Neste sentido, e co fin de lograr nestas escolas actuacións de excelencia, este decreto establece medidas de coordinación entre o profesorado, e promove a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación. Doutra banda a Consellería comprométese, ao abeiro deste decreto, a fomentar a formación dos docentes de artes plásticas e deseño establecendo programas específicos para tal fin.

A elaboración de regulamentos orgánicos para as escolas de arte e superiores de deseño era unha tarefa pendente desde a publicación da LOE en 2006. Coa súa

redacción, en pouco máis dun ano, a actual Consellería dá mostra do seu compromiso coas ensinanzas de réxime especial, e coa calidade do ensino que reciben as súas alumnas e alumnos. Este ROC únese ademais aos xa aprobados para as Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia e para os conservatorios de música e danza, cuxo funcionamento quedou regulado tamén por primeira vez de xeito específico.

GALICIA DISPORÁ POR PRIMEIRA VEZ DUNHA REGULAMENTACIÓN PROPIA PARA A ORDENACIÓN DOS APARTAMENTOS E DAS VIVENDAS TURÍSTICAS

- *O Consello da Xunta aproba o decreto que ordena os apartamentos e vivendas turísticas no ámbito da Comunidade Autónoma e regula as modalidades e requisitos para a súa clasificación.*
- *A aprobación deste decreto permitirá a adaptación á normativa europea vixente, posibilitando por primeira vez a creación dunha oferta de aloxamentos realmente turística e diferencial dos dous tipos de establecementos, respectando os parámetros de calidade requiridos por lei e diferenciando as dúas tipoloxías das fórmulas de arrendamento privados normais.*

O Consello da Xunta de Galicia vén de presentar por primeira vez a regulamentación propia de que disporá a comunidade autónoma para a ordenación dos apartamentos e das vivendas turísticas da comunidade, establecida a través dun decreto que ten por obxecto principal o de regular as modalidades e requisitos destes dous tipos de establecementos turísticos para a súa correcta clasificación, de acordo coa actual normativa europea.

O decreto aprobado hoxe recolle a declaración responsable de conformidade co establecido na Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro, en substitución do tradicional sistema de autorizacións. A adaptación á normativa europea vixente posibilita, xa que logo, a creación dunha oferta de aloxamentos realmente turística e diferencial das dúas figuras, da cal se carecía ata o de agora, respectando os parámetros de calidade requiridos por lei e diferenciando estas dúas tipoloxías das fórmulas de arrendamento privado normais, segundo as leis en vigor.

Na actualidade existía un baleiro legal ao derogarse a Orde do Ministerio de Información e Turismo do 17 de xaneiro de 1967, modificada polas de 12 de febreiro de 1972 e 14 de marzo de 1975, pola que se aproba a ordenación dos apartamentos, bungalows e outros aloxamentos de carácter turístico. Esta normativa aplicouse con carácter supletorio en Galicia ata o 5 de febreiro de 2010, data da súa derogación. A nova norma desenvolve o artigo 35 da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, modificada pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, para realizar a súa adaptación á Directiva 2006/123/Ce, mencionada anteriormente, que define apartamentos e vivendas turísticos e dispón que as súas modalidades e requisitos se fixarán regulamentariamente.

Estrutura do decreto

O decreto estrutúrase en seis capítulos, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións finais e non representa incremento de

gasto respecto das previsións orzamentarias actuais nin ten repercusión en exercicios futuros.

O capítulo I recolle as disposicións xerais e a clasificación dos apartamentos e vivendas turísticas. No capítulo II e III establécense respectivamente as disposicións comúns e os requisitos específicos destes establecementos, así como as dispensas que con carácter excepcional poidan autorizarse. O capítulo IV fai referencia á placa-distintivo en que deberá figurar a categoría do establecemento. O capítulo V regula o réxime de funcionamento, e finalmente, o capítulo VI establece o procedemento e clasificación e inscrición turística, conforme a normativa europea. O decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Concepto e clasificación

Segundo o decreto, enténdese por apartamento turístico os bloques ou conxunto de apartamentos, as casas, bungalows e outras edificacións semellantes que oferten aloxamento turístico, profesional e habitualmente, mediante contraprestación económica. Os apartamentos turísticos estarán dotados do equipamento e mobiliario necesarios para a súa inmediata utilización, que se estenderá ao uso e goce dos servizos e instalacións. Clasifícanse nas categorías de tres, dúas e unha chaves, atendendo ás condicións das súas instalación e servizos, de conformidade cos requisitos establecidos no decreto.

A vivenda turística é, porén, unha unidade illada de apartamentos, bungalows ou vivendas unifamiliares que, por motivos de vacacións ou turísticos, son obxecto de cesión de uso e goce na súa totalidade mediante contraprestación económica. O aloxamento comprenderá a unidade completa, non permitíndose a cesión por cuartos nin a coincidencia dentro da vivenda de usuarios que formalicen distintos contratos. Prohíbese expresamente o aloxamento en vivendas particulares. As vivendas turísticas clasifícanse na categoría única de vivendas turísticas.

A Xunta de Galicia procurou o máximo consenso na tramitación do proxecto de decreto, que foi sometido a información pública en agosto do ano pasado e incorporou ao redor unha decena de alegacións feitas por parte do sector e dos organismos e asociacións con competencia no mesmo.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO POLO QUE SE CONCEDERÁN 84 NOVAS LICENZAS DE EMISIÓN DE RADIO EN GALICIA

- ***A Xunta pretende, con este concurso, aumentar a oferta radiofónica dispoñible en Galicia e fomentar a difusión do idioma e a cultura galega***
- ***O Goberno da Xunta valorará o fomento do emprego na resolución do concurso***


O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, a convocatoria e as bases do concurso público polo que se outorgarán 84 novas licenzas de emisión de radio en frecuencia modulada (FM) dispoñibles para a comunidade autónoma galega no Plan Técnico Nacional do ano 2006. O prazo para a presentación de ofertas comezará coa publicación das bases do concurso no *Diario Oficial de Galicia* no mes de abril.

A Xunta pretende, con esta convocatoria, ampliar a oferta radiofónica dispoñible en Galicia favorecendo o pluralismo informativo, así como a ampliación do dial de moitos cidadáns que agora mesmo non teñen acceso ás actuais cadeas de radiodifusión. O Goberno galego busca, así mesmo, fomentar a difusión do idioma e a cultura galega a través das ondas.

As ofertas que se presenten a esta convocatoria deberán estruturarse en tres bloques: unha proposta de programación, unha económica e unha proposta tecnolóxica. Algúns dos criterios de valoración que aplicará a Xunta de Galicia serán a viabilidade económica da emisora, as características técnicas do proxecto, as características da emisión e a programación, así como o compromiso de non transmitir a licenza durante dous anos, tal e como fixa a Lei de comunicación audiovisual, ademais do fomento do emprego. O Goberno galego valorará, tamén, o compromiso de emitir en galego por riba do límite marcado pola lexislación vixente.

A Lei 7/2010 do 31 de marzo, xeral de Comunicación Audiovisual establece como criterios mínimos a ter en conta nos concursos de adxudicación de licenzas a experiencia dos concorrentes, a súa solvencia e os medios con que contan para a súa explotación. Estas licenzas, contempladas no Plan Técnico Nacional do ano 2006, concederanse por un período de 15 anos renovables.

Tras a resolución deste concurso de radiodifusión, o obxectivo da Xunta de Galicia será a reorganización e racionalización do espectro radioeléctrico da comunidade autónoma.

FRECUENCIAS OFERTADAS


A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2	2	2	1
ARZUA	BECERREA	ALLARIZ	ARBO
5	2	1	3
CARBALLO	CHANTADA	AVION	ESTRADA
3	2	3	1
CARIÑO	FONSAGRADA	BARCO	LALIN
2	2	VALDEORRAS	3
CEE	FOZ	2	PONTEVEDRA
3	4	CARBALLIÑO	1
CORUÑA	LUGO	2	TUI
3	2	CELANOVA	1
FERROL	MONFORTE	1	VILAGARCIA
2	LEMOS	3	AROUSA
MUROS	1	OURENSE	
1	NAVIA SUARNA	2	
ORDES	2	RIBADAVIA	
5	PALAS REI	2	
SANTIAGO	1	VERIN	
2	QUIROGA	1	
VIMIANZO	1	VIANA DO BOLO	
	RIBADEO	2	
	SARRIA	2	
	VILALBA	XINZO DE LIMIA	
	3		
	VIVEIRO		

POR PROVINCIAS	NÚMERO
A CORUÑA	28
LUGO	25
OURENSE	21
PONTEVEDRA	10

FRECUENCIAS PLANIFICADAS NAS CIDADES GALEGAS	
A CORUÑA	3
SANTIAGO	5
FERROL	3
LUGO	3
OURENSE	3
PONTEVEDRA	3
VIGO	0

A XUNTA RENOVA O SEU COMPROMISO COAS COMARCAS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL AO AMPLIAR O PLAN FERROL ATA 2013

O Consello da Xunta acordou hoxe ampliar dous anos máis a duración do Plan Ferrol, de tal xeito que rematará no ano 2013, nunha mostra do compromiso do Goberno galego co desenvolvemento das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, en concordia coa Comisión impulsora que o solicitou na última reunión.

O Plan de desenvolvemento integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal foi creado en marzo de 2007 co obxectivo principal de dotar as comarcas das infraestruturas necesarias para o seu desenvolvemento, diversificar o tecido industrial, xerar emprego e converxer cos ritmos de crecemento doutras zonas de Galicia.

Os principais eixes de actuación do plan eran a consolidación do sector eólico; o desenvolvemento do sector turístico; a potenciación do sector loxístico; o apoio ao desenvolvemento da acuicultura e do sector dos biocombustibles; o mantemento do naval e da industria auxiliar; a dotación de solo industrial, a mellora das infraestruturas; o fomento do I + D + i; e un pacto polo emprego.

Precisamente a creación de emprego é o obxectivo prioritario que ten marcado o actual Goberno no desenvolvemento do plan, no cal agora participan todas as consellerías da Xunta. No primeiro ano dende que se redefiniu o programa, cumpríronse os obxectivos ao xerárense case 500 postos de traballo, para o cal se levou a cabo un importante esforzo orzamentario.

Así, entre Igape e Ministerio de Industria apoiáronse en 2010 investimentos por máis de 230 millóns de euros, concedéronse un 50 por cento máis de subvencións que no 2009 e avaláronse proxectos industriais en dificultades por valor de 8 millóns, un feito que ten unha enorme transcendencia nestes momentos de crise en que as empresas necesitan o apoio das administracións para poderen manter os postos de traballo.

A estes case medio millar de empregos industriais hai que engadirilles outro obxectivo cumprido: os case 1.200 empregos que se xeraron a través de políticas activas de emprego; e a aposta da Xunta pola formación, xa que só no ano 2010 se formaron máis de 1.600 alumnos dos 2.600 que se comprometeran a formar en dous anos.

A XUNTA CÉDELLE AO CONCELLO DE CELANOVA A ESTACIÓN DE AUTOBUSES PARA QUE ESTE INICIE A SÚA EXPLOTACIÓN

- *O inmovible ten unha superficie aproximada de 1.500 m2*

O Consello da Xunta acordou na súa reunión desta mañá ceder ao Concello de Celanova (Ourense) a estación de autobuses para que este inicie a súa explotación.

A estación de autobuses foi construída pola Xunta de Galicia nun terreo previamente facilitado polo Concello de Celanova para este fin. Agora, ante a solicitude do propio Concello, o Executivo galego devolveralle o inmovible para que este poida iniciar a súa explotación.

A cesión abrangue a totalidade do edificio, coas súas pertenzas e accesións, e faise logo do compromiso do Concello de destinalo ao servizo público de estación de autobuses por un período mínimo de vinte anos.

Está situado nas proximidades da avenida San Rosendo na vila de Celanova e ten unha superficie aproximada de 1.500 m2.

A reversión, que se fará a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, dependente da Consellería de Facenda, atópase enmarcada nun acordo asinado o 14 de decembro de 2010 entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Celanova.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 1,7 MILLÓNS DE EUROS NA SEGUNDA FASE DO SANEAMENTO DA PARROQUIA DE SAN MATEO, NO CONCELLO CORUÑÉS DE NARÓN

- *O obxectivo das obras será construír unha rede separadora de augas fecais de 6,6 quilómetros de lonxitude nos núcleos de Barcia, Calvario, Curro, Ruxida e Bidueiro*
- *O prazo de execución das obras será de 8 meses*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Narón para a execución da segunda fase do saneamento da parroquia de San Mateo. Medio Ambiente investirá nestas obras máis de 1,7 millóns de euros.

O obxectivo será construír unha rede separativa de augas fecais de 6.600 metros de lonxitude nos núcleos de Barcia, Calvario, Curro, Ruxida e Bidueiro. A rede estará dividida en tres zonas. A primeira comprenderá os núcleos de Barcia, Curro e Ruxida e discorrerá polo rego de Vespasante ata a estrada Catabois-Valdoviño (AC-116). Desta forma, unirase aos colectores secundarios que recollerán as augas residuais das vivendas situadas en ambas as marxes da estrada autonómica e da vía municipal.

Ao final do treito, instalarase un bombeo en Barcia, para elevar as augas ata a rede existente e Paxarón mediante unha impulsión de 223 metros. Este pozo de bombeo terá 2,5 metros de diámetro e dúas bombas de auga somerxibles cunha potencia de 1,7 kw. O aliviadoiro, dunha lonxitude de 8 metros, verterá ao rego de Vespasante.

Outra zona pola cal pasará o colector será a que comprende as parroquias de Calvario e Bidueiro e discorrerá pola marxe dereita da estrada Catabois-Valdoviño (AC-116) ata conectar co colector existente na rotonda da Pena. Finalmente, outro treito comprenderá a zona do rego de Vespasante, que discorrerá pola estrada municipal para recoller as augas residuais das vivendas situadas nas marxes da rúa.

O prazo de execución das obras será de 8 meses.

A XUNTA ACHEGA 455.000 EUROS PARA A EXECUCIÓN DA PRIMEIRA FASE DE SANEAMENTO DE LOUREDA, EN BOQUEIXÓN, QUE INCLÚE A CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA DEPURADORA

- *O proxecto define as obras necesarias para a execución dunha rede separativa de saneamento para servizo dos lugares de Loureda, A Moa, Lamparte e A Pena*
- *A rede estará integrada por 3,5 quilómetros de colectores por gravidade e dous bombeos que levarán as augas a unha nova depuradora no sur da parroquia, no lugar de Bularedo*
- *Para a execución desta actuación serán precisos dous bombeos en Loureda e A Pena, cada un con dúas bombas somerxibles*
- *O prazo de execución deste proxecto hidráulico é de seis meses*
- *Con esta actuación a Xunta continúa completando a rede de saneamento no concello de Boqueixón.*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración técnico- financeiro da Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Boqueixón para a execución da primeira fase do saneamento en Loureda.

O Goberno galego realiza unha achega económica de máis de 455.000 euros. A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) financia ao 100% a obra de saneamento nesta zona de Boqueixón. O prazo de execución deste proxecto hidráulico é de seis meses.

O proxecto define e valora as obras necesarias para a execución dunha rede separadora de saneamento para servizo dos lugares de Loureda, A Moa, Lamparte e A Pena. Así, resólvese a problemática actual, xa que as augas residuais producidas son recollidas en fosas sépticas dos particulares, co conseguinte perigo de verteduras ao medio debido a filtracións.

A rede estará integrada por 3,5 quilómetros de colectores por gravidade e dous bombeos que levarán as augas a unha nova depuradora no sur da parroquia, no lugar de Bularedo.

Para a execución desta actuación serán precisos dous bombeos en Loureda e A Pena, cada un con dúas bombas somerxibles. Estas bombas terán capacidade unitaria para elevar 6,35 l/s a 3,84 metros no bombeo da Pena e 7,76 a 1,16 metros en Loureda.

A rede proxectada verterá á nova depuradora. A liña de depuración componse dun desbaste previo de limpeza automática, bombeo de entrada, tratamento primario e secundario. A parcela pavimentarase e dotarase de peche perimetral. O efluente

depurado pasa por unha arqueta de toma de mostras, sendo logo descargado no rego de Quintáns.

Con esta actuación a Xunta continúa completando a rede de saneamento no concello de Boqueixón.

O departamento que dirixe Agustín Hernández colabora de xeito técnico e financeiro na execución deste tipo de obras co fin de resolver carencias en infraestruturas nos concellos galegos. Deste xeito, poténciase o desenvolvemento económico e social dos municipios, mellorando a calidade de vida dos habitantes da comunidade galega.

ECONOMÍA E INDUSTRIA PROMOVE A MOBILIZACIÓN DE MÁIS DE 1,7 MILLÓNS DE EUROS PARA APOIAR 122 PROGRAMAS DE INTERNACIONALIZACIÓN DAS PEMES GALEGAS

- *O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a Consellería de Economía e Industria para subscribir a sinatura de dúas addendas aos convenios asinados anteriormente co Instituto Español de Comercio Exterior, as cámaras de comercio de Galicia e o Consello Superior de Cámaras para o desenvolvemento dos programas de Iniciación á Promoción Exterior e de Seguimento da Iniciación á Promoción Exterior*
- *Desde o comezo da actual lexislatura, a Xunta impulsou un programa integral de apoio ás estratexias internacionalizadoras das empresas galegas, o que supuxo, ata 2010, un incremento do 152% dos investimentos neste capítulo,*

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a Consellería de Economía e Industria para subscribir a sinatura de dúas addendas aos convenios asinados anteriormente co Instituto Español de Comercio Exterior, as cámaras de comercio de Galicia e o Consello Superior de Cámaras para o desenvolvemento dos programas de Iniciación á Promoción Exterior e de Seguimento da Iniciación á Promoción Exterior.

As addendas, que suporán a mobilización global de máis de 1,7 millóns de euros, permitirán cofinanciar un total de 122 programas de promoción exterior de pemes galegas, 89 para apoiar as empresas que non exportaron nunca ou que o fan de xeito ocasional, e 33 para que consoliden a súa actividade exportadora dun xeito estable, a través dun programa que favorece o traballo cotinuado e a implantación de produtos e marcas nos mercados exteriores.

A sinatura destas dúas addendas permitirá as empresas galegas avanzar no camiño da internacionalización, un dos obxectivos fundamentais do Goberno da Xunta e da Consellería de Economía e Industria que, dende o comezo da actual lexislatura, impulsou un programa integral de apoio ás estratexias internacionalizadoras das empresas galegas, o que supuxo, ata 2010, un incremento do 152% dos investimentos neste capítulo, e que mobilizou, até o de agora, case 49 millóns de euros á disposición das empresas galegas que decidan asumir o reto da internacionalización.

Esta estratexia de internacionalización por parte do Goberno da Xunta e da Consellería de Economía e Industria acadou a aprobación de 1.043 solicitudes de apoio a iniciativas e proxectos, o que supón un 209% máis no 2010, con respecto ao ano anterior.

O SERGAS PRORROGA O CONCERTO CON ALCER PARA O TRASLADO DE PACIENTES AOS CENTROS DE HEMODIÁLISE NA PROVINCIA DE LUGO

- *A Xunta de Galicia destinará máis de 630.000 euros ata marzo de 2012 con este obxectivo*
- *Durante o 2010, trasladouse a unha media de 189 pacientes cada mes, establecéndose con este obxectivo 57 rutas*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá a prórroga do convenio entre o Servizo Galego de Saúde e a asociación de enfermos de ril ALCER para a cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo.

O obxecto deste convenio é manter un procedemento para os traslados que diariamente realizan os enfermos afectados por insuficiencia renal crónica que reciben tratamento de hemodiálise nos diferentes centros da provincia de Lugo, evitando deste xeito o aboamento individualizado e centralizando a xestión de rutas na asociación ALCER.

Esta prórroga estará vixente dende o 1 de abril de 2011 ata o 31 de marzo de 2012. Como ata o de agora, ALCER será a encargada de establecer as rutas axeitadas para o desprazamento dos pacientes desde os seus domicilios ás clínicas de hemodiálise máis próximas ao hospital de referencia do paciente. O orzamento destinado a aboar estes servizos ascende a un total de 634.792,56 euros.

Vantaxes para os pacientes

A renovación deste convenio mantén o obxectivo inicial de facilitar a prestación dos servizos asistenciais de alta frecuentación, como é o caso dos pacientes que precisan de diálise. A provincia de Lugo caracterízase pola gran dispersión residencial dos seus habitantes, distribuídos nunha orografía con frecuencia de difícil acceso.

Por iso, requírese, ocasionalmente, dun tratamento socio-sanitario diferenciado do ofrecido por aquelas entidades provinciais con importantes concentracións humanas con maior capacidade de facilitar a prestación dos servizos asistenciais de alta frecuentación.

Así, o número de visitas de cada un dos pacientes sometidos a este tratamento estímase en 156 veces ao ano. Durante o ano 2010, trasladouse a unha media de 189 pacientes mensuais, establecéndose con este obxectivo 57 rutas.

MÁIS DE 26.000 PERSOAS CON DISCAPACIDADE BENEFICIARANSE DAS AXUDAS DE TRABALLO PARA A SÚA INTEGRACIÓN LABORAL E SOCIAL

- *O Consello da Xunta informou hoxe favorablemente de dúas liñas de axudas para promover a integración laboral e social deste colectivo que suman máis de 6,1 millóns de euros*
- *Por un lado, a Xunta destinará 3 millóns de euros para fomentar a contratación laboral das persoas con discapacidade nas empresas de Galicia*
- *A orde establece, por unha parte, as bases reguladoras das axudas ás empresas galegas que incorporen aos seus cadros de persoal persoas con discapacidade*
- *Ademais da promoción da integración laboral, a orde inclúe tamén un programa de emprego con apoio que recolle asesoramento no propio posto de traballo*
- *Por outra banda, e tamén destinado ao colectivo da discapacidade, o Goberno galego deu hoxe o seu visto e praxe á sinatura de convenios de colaboración con 12 entidades galegas que traballan a favor destas persoas*
- *A Consellería de Traballo e Benestar reserva 3,1 millóns de euros para apoiar as 12 asociacións*

Máis de 26.000 persoas con discapacidade beneficiaranse de dúas liñas de axudas da Consellería de Traballo e Benestar para promover a súa integración social e laboral, unha actuación á que destinará máis de 6,1 millóns de euros.

En concreto, o Consello da Xunta vén de dar o seu visto e praxe á liña de axudas que promove a integración laboral deste colectivo e á sinatura de convenios de colaboración con 12 entidades galegas que traballan a favor destas persoas.

Por unha banda, a Consellería de Traballo e Benestar incentivará cunha liña de subvencións dirixida ás empresas galegas a contratación de persoas con discapacidade e, por outro lado, financiará un programa de emprego con apoio que inclúe asesoramento no propio posto de traballo.

O Goberno galego prevé que preto de 400 persoas con discapacidade se beneficien desta liña de axudas, cuxa convocatoria se publicará no *Diario Oficial de Galicia* a última semana de marzo. O departamento autonómico destinará un total de 3 millóns de euros a esta iniciativa, aínda que as axudas poderán, se fora necesario, ser ampliadas ao longo do ano.

Así, este proxecto, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, inclúe dous programas: o fomento da contratación das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, e o programa de emprego con apoio.

O primeiro deles, o fomento da contratación, ten como finalidade incentivar a contratación das persoas deste colectivo a través de subvencións á contratación indefinida e á temporal, para a adaptación dos postos de traballo e tamén para a contratación das persoas con discapacidade que proceden dun proxecto de emprego con apoio.

A Consellería de Traballo e Benestar prevé que 350 persoas poidan beneficiarse destas subvencións, que se poderán solicitar ata o 30 de setembro deste ano se as contratacións se desenvolven despois da publicación no DOG da orde. Os traballadores dados de alta entre o 1 de xullo de 2010 e a data de publicación da orde terán un mes para pedir as subvencións.

Este plan mantén as melloras introducidas o ano pasado cando se estableceron por primeira vez axudas para a contratación temporal, sempre que a duración do contrato sexa de polo menos 12 meses, e subvencións para a contratación deste colectivo no mercado laboral, sempre que sexan proxectos de emprego con apoio financiados pola propia Consellería de Traballo e Benestar.

Ademais, este programa incrementa as axudas para a contratación indefinida previstas na normativa estatal, coa finalidade de favorecer especialmente as mulleres con discapacidade, as persoas con discapacidade severa e para fomentar tamén a contratación destas persoas polas pequenas empresas e nos centros de traballo do rural.

Emprego con apoio

O segundo dos programas que financia esta orde, o do emprego con apoio, está destinado a apoiar a incorporación á empresa ordinaria as persoas con discapacidade con especiais dificultades para a inserción laboral. O proxecto inclúe un conxunto de actividades de orientación e acompañamento individualizado que prestan preparadores laborais especializados ás persoas con discapacidade que traballan en empresas do propio mercado ordinario laboral.

As persoas destinatarias deste programa son os traballadores e traballadoras con discapacidade inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego non ocupadas, así como os que estean empregados nos centros especiais de emprego. A Xunta prevé que se poidan beneficiar en torno a 50 persoas. Os interesados en concorrer ás axudas desta iniciativa terán un mes de prazo para solicitala desde a publicación da orde no DOG.

Os proxectos de emprego con apoio terán unha duración mínima de 6 meses e máxima de dous anos prorrogable en seis meses máis. Poderán promover estes proxectos as asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro.-

Ás entidades promotoras deste proxectos de emprego con apoio subvencionaráselles os custos laborais e de seguridade social derivados da contratación dos preparadores laborais que se xeren durante o período de desenvolvemento do proxecto.

A orde, así mesmo, establece incentivos complementarios que melloran en Galicia os establecidos con carácter xeral na regulación estatal neste programa. De feito, coa finalidade de promover a posta en marcha de proxectos de emprego con apoio financiaranse actuacións complementarias como a prospección laboral e o período de formación da persoa previa á súa contratación na empresa.

Esta orde inscríbese na aposta da Xunta por un mercado laboral accesible, inclusivo e de calidade, a través da posta en marcha de accións específicas dirixidas a este colectivo. Estas medidas complementan ás axudas por valor de 11 millóns de euros que están destinadas ao fomento da integración laboral nos centros especiais de emprego para persoas con discapacidade.

Convenios de colaboración

O Consello da Xunta tamén emitiu hoxe informe favorable da sinatura de convenios de colaboración con 12 entidades galegas que traballan coas persoas con discapacidade. En concreto, a Consellería de Traballo e Benestar destinará máis de 3,1 millóns de euros a financiar diferentes tipos de programas, desde actuacións para a atención ambulatoria ata cursos de formación, servizos de información, orientación e asesoramento e campañas de sensibilización. Esta medida beneficiará a 26.000 persoas con discapacidade.

Todas estas liñas de actuación forman parte do Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013, que inclúe preto de 300 medidas.

A sinatura destes convenios de colaboración reforzan, ademais, o compromiso do Goberno galego coas federacións autonómicas que traballan a favor das persoas con discapacidade e con esta actuación a Xunta presta atención as distintas situacións deste colectivo.

As asociacións que se beneficiarán das axudas de Traballo e Benestar son:

- Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace)

-
- Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec)
 - Asociación de Paraplégicos e Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym)
 - Federación de Entidades e Organizacións Protectoras de Persoas con Autismo (Autismo Galicia)
 - Federación Galega de Institucións para o Síndrome de Down (Down Galicia)
 - Federación Galega de Asociacións de Atención ás persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns (Aspace Galicia)
 - Asociación de Pais, Profesionais e Amigos das persoas con discapacidade intelectual (Special Olympics Galicia)
 - Federación de Asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual de Galicia (Fademga Feaps Galicia)
 - Federación de Asociacións de persoas xordas de Galicia (Faxpg)
 - Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (Feafes)
 - Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (Fagal)
 - Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami).

MEDIO RURAL E O CONCELLO OURENSÁN DE XINZO DE LIMIA COLABORARÁN NA XESTIÓN DO CENTRO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN

- *O Consello autorizou a sinatura dun convenio para regular a xestión do centro de limpeza e desinfección dos vehículos e medios de transporte de gando*
- *O orzamento global desta acción é de 10.000 euros para os anos 2011 e 2012*

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co concello ourensán de Xinzo de Limia para a xestión do centro de limpeza e desinfección, por un importe global de 10.000 euros que se repartirán en dúas anualidades.

En virtude deste acordo, o departamento que dirixe Samuel Juárez cede as instalacións do centro de limpeza e desinfección ao concello de Xinzo de Limia para, deste xeito, regular a súa xestión. O centro dispón dos elementos necesarios para cumprir co proceso de limpeza e desinfección dos vehículos e medios de transporte do gando.

Competencias

O Concello de Xinzo de Limia asume a xestión do centro de limpeza e desinfección de vehículos e medios de transporte de gando e encargarase, tamén, de contratar o persoal necesario para a prestación deste servizo. Así mesmo, definirá o horario do centro; establecerá e cobrará as tarifas que satisfarán os usuarios; ocuparase do mantemento das instalacións e informará anualmente a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural dos vehículos lavados e desinfectados neste centro, entre outras actividades.

Orzamento

O presente convenio asinarase cunha duración de dous anos, até o 30 de decembro de 2012, por un importe global de 10.000 euros, a razón de 5.000 euros por ano.

A XUNTA APROBA A CONCESIÓN DE AXUDAS AOS CONSELLOS REGULADORES PARA SUFRAGAR OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO

- ***O importe total destas subvencións, que se repartirán entre as diferentes denominacións de calidade, supera o medio millón de euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para que conceda subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade, coa finalidade de financiar os gastos de funcionamento das distintas denominacións recoñecidas en Galicia. O importe total ascende a 554.586 euros.

Con estas subvencións, Medio Rural quere contribuír ao traballo que fan os diferentes consellos reguladores a prol da necesaria protección e tipificación destes produtos agroalimentarios, así como garantir a súa orixe xeográfica e a súa calidade como elementos básicos que determinan o seu renome e prestixio no mercado.

Os importes propostos pola Consellería son os axeitados para cubrir os gastos de funcionamento, con contías diferentes segundo a súa singularidade, ámbito xeográfico, volume anual de traballo ou número de traballadores.

Listaxe de produtos galegos de calidade

Na Comunidade Autónoma de Galicia existen na actualidade vinte e dous consellos reguladores. En canto a viños e licores, Galicia conta coas denominacións de *Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro* e *Valdeorras*; ademais da denominación *Augardentes e Licores Tradicionais*.

No ámbito dos produtos lácteos hai que mencionar os queixos *Arzúa-Ulloa, Tetilla, San Simón da Costa* e *Cebreiro*. No sector cárnico, están certificados como produtos de calidade *Ternera Gallega* e *Lacón Gallego*.

Completando a listaxe dos produtos de calidade están *Pataca de Galicia, Mel de Galicia, Pan de Cea, Castaña de Galicia, Faba de Lourenzá, Pemento de Herbón, Pemento do Couto, Tarta de Santiago, Grelos de Galicia* e o *Consello Regulador Agricultura Ecolóxica de Galicia*.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 225.600 EUROS Á RECUPERACIÓN PRODUTIVA DO BANCO MARISQUEIRO DOS PRACERES

- *O acordo asinado coa AIE Lonxa de Campelo ten por obxecto mellorar as condicións dos zonas de marisqueo mediante accións de limpeza e rexeneración*
- *A vixencia do convenio é ata o 30 de xuño de 2011 e quedará sen efecto no caso de que se produza mellora na clasificación da zona como ocorreu no caso do Burgo, na Coruña*

Mariscadores de a pé da lonxa de Campelo, é dicir os das confrarías de Pontevedra, Raxó e Lourizán, beneficiaranse dunha addenda ao convenio para a recuperación produtiva dos bancos marisqueiros dos Praceres. O Consello da Xunta aprobou hoxe a súa sinatura entre estas confrarías e a Consellería do Mar, que destina a este acordo 225.653,76 euros co obxectivo de continuar traballando para mellorar a produtividade dos bancos.

Mar persegue, a través deste proxecto, contribuír á mellora das capacidades organizativas dos mariscadores e implicar o sector a medio e longo prazo na mellora da xestión do marisqueo autónomo e sustentable. O importe desta addenda ao convenio será cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca nun 61%, correspondendo o 39% restante á Administración autonómica.

A súa vixencia é ata o 30 de xuño de 2011, con posibilidade de prórroga, e quedará sen efecto se antes desta data se produce unha mellora na clasificación das augas, como ocorreu no caso do Burgo, ou se a Comisión Europea permite a venda de moluscos en augas de zonas de produción C, tras seren sometidos a tratamento de depuración intensiva.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 360.000 EUROS Á RECUPERACIÓN PRODUTIVA DA RÍA DO BURGO

- ***O acordo asinado coa confraría da Coruña ten por obxecto mellorar as condicións dos zonas de marisqueo mediante accións de limpeza e rexeneración***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores da Coruña para a recuperación e mellora produtiva do marisqueo dos bancos intermareais. O importe do convenio é de 361.292,40 euros e será cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca nun 61 %, correspondendo o 39% restante á Consellería do Mar. O acordo céntrase na limpeza e acondicionamento do substrato para mellorar as súas condicións para aumentar a produtividade e a calidade dos seus produtos.

A maiores, o acordo contempla tarefas de vixilancia por parte dos mariscadores co obxecto de reducir a acción dos furtivos nas zonas rexeneradas. Os traballos para impulsar a rexeneración dos bancos marisqueiros desenvolveranse durante o segundo trimestre de 2011.

O ámbito de actuación deste convenio correspóndese coa parte interna da ría do Burgo, entre Ponte Pasaxe e a ponte do Burgo e dende a ponte da Pasaxe ata a liña imaxinaria que vai dende o colexio Santiago Apóstol ata o extremo E da praia de Santa Cristina.

O desenvolvemento deste plan de recuperación e mellora das áreas produtivas intermareais da ría do Burgo é o resultado da execución dos acordos acadados entre os representantes da Confraría da Coruña e da Consellería do Mar, e efectúanse con base os resultados dos estudos e prospeccións levadas a cabo por parte dos biólogos do departamento autonómico. Estes traballos permitirán mellorar o estados das zonas de extracción de moluscos ao tempo que se avanzará na súa capacidade produtiva, dándose así tamén pasos no Plan de Recuperación de Zonas Improdutivas que a Consellería do Mar vén desenvolvendo dende hai meses.

MAR DESTINA MÁIS DE 1,7 MILLÓNS DE EUROS Á RECUPERACIÓN DOS BANCOS MARISQUEIROS DE FERROL, BARALLOBRE E MUGARDOS

- ***O Consello da Xunta autorizou un convenio coas 3 confrarías para incrementar a produtividade desta zona, beneficiando así 387 mariscadores a pé e desde embarcacións***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Ferrol, Barallobre e Mugardos, o primeiro para recuperación e mellora produtiva do marisqueo desde embarcacións na ría ferrolá e o segundo para a recuperación dos bancos intermareiais (Mugardos). A Xunta pretende así impulsar a rexeneración dos bancos marisqueiros ao tempo que vela polo mantemento da actividade. O importe total dos dous convenios é de 1.788.855 euros e será cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca. A súa vixencia estenderase ata o 30 de xuño.

O primeiro dos acordos, por valor de 162.041 euros, beneficiará 53 mariscadores a pé de Mugardos. As actividades que se desenvolverán durante o segundo trimestre de 2011 consistirán na limpeza e retirada de algas e acondicionamento do substrato para mellorar as súas condicións para aumentar a produtividade e a calidade dos seus produtos.

O segundo é unha addenda encamiñada á recuperación e mellora produtiva das áreas de extracción da ría de Ferrol onde traballa o marisqueo desde embarcación. A Consellería outorgará axudas por valor de 1.626.814 euros para 334 mariscadores das confrarías de Ferrol e Barallobre. O departamento que dirixe Rosa Quintana persegue, con esta addenda, mellorar a calidade dos bancos marisqueiros desta zona e incrementar a súa superficie produtiva. As actividades contempladas no acordo consisten tamén en manter o substrato en condicións axeitadas para o desenvolvemento dos recursos marisqueiros.

O ámbito de actuación deste último convenio correspóndese, por unha banda, coa zona comprendida entre a liña imaxinaria que une punta dos Castros e punta Caranza e a que une o peirao da praia de Caranza co peirao de Astano. Ademais, inclúe a área delimitada pola liña imaxinaria que une o peirao da praia de Caranza co peirao de Astano cara o interior da ría, agás a enseada da Gándara (GAL 03/07).

A XUNTA FOMENTA A INSERCIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE E RISCO DE EXCLUSIÓN COA RESERVA DE CONTRATOS A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL

- *Centros Especiais de Emprego e Empresas de Inserción poderán acceder a unha reserva da contratación pública de ata un 5% do adxudicado por cada órgano de contratación en 2010*
- *A medida non só xera emprego e contribúe a sacar da exclusión social a determinados colectivos, senón que ten custo cero para a Administración*
- *Esta medida materializa unha aspiración do sector da inserción sociolaboral*

A Xunta de Galicia únese ás comunidades autónomas que están a fomentar o emprego en persoas con discapacidade e risco de exclusión mediante a reserva de contratos para as empresas que traballan con estes colectivos. Deste xeito, os órganos de contratación da Administración autonómica e os demais entes do sector público dela dependentes poden reservar a participación en determinados procedementos de adxudicación de contratos a centros especiais de emprego (CEE) e empresas de inserción laboral (EIL), sempre que a súa finalidade ou a súa actividade teña relación directa co obxecto do contrato.

Así o recolle a Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que ten entre os seus obxectivos que as EIL e os CEE poidan acceder en 2011 a contratos por un importe global de ata un 5% do adxudicado por cada órgano de contratación no exercicio orzamentario de 2010 mediante contratos menores ou procedementos negociados por razón da contía. Para os CEE e programas de emprego protexido non hai límite sobre o sistema de adxudicación nin a contía. No caso das EIL, só se pode aplicar a reserva de contratos nos contratos menores e nos procedementos negociados (sen publicidade).

A conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, informou hoxe o Consello da Xunta desta medida que desenvolve este departamento autonómico en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar.

A reserva de contratos conforma unha das novidades da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), aínda que na Unión Europea xa están regulados, desde o ano 2004, no artigo 19 da Directiva 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

As referidas disposicións materializan unha aspiración do sector da inserción sociolaboral, mediante unha acción positiva que posibilita que unha parte do total dos

contratos públicos serán presentados e adxudicados por este tipo de entidades mediante a súa reserva no proceso de licitación.

Vantaxes para a Administración

A reserva dalle valor social aos contratos públicos, xa que estas entidades cumpren unha dobre función: xeran emprego e contribúen a sacar da exclusión social colectivos que, doutro xeito, caerían baixo a dependencia da Administración (persoas con discapacidade física ou sensorial, mozos con problemas de escolarización ex toxicómanos, ex reclusos, etc.). Ademais, a medida ten custo cero para a Administración.

Os obxectos contractuais susceptibles de reserva serán as obras e os servizos de conservación e mantemento de bens inmobles, os servizos de conserxaría, mensaxería e correspondencia, os servizos de xardinaría e forestal, de artes gráficas, de limpeza e lavandaría, de restauración, de recolla e transporte de residuos, de fabricación de roupa de traballo e servizos e de subministracións auxiliares para o funcionamento do sector público.

Difusión e comisión de seguimento

Cada órgano de contratación poderá reservar a participación no proceso de adxudicación de determinados contratos a centros especiais de emprego e/ou empresas de inserción sempre que o obxecto do contrato teña relación directa coa finalidade ou actividade da entidade de acordo coas súas normas reguladoras, estatutos ou regras fundacionais.

A tal fin, a Consellería de Traballo e Benestar xa facilita na súa web a máxima difusión da relación das empresas inscritas nos rexistros citados na normativa e do seu obxecto social, con fin de que sexan coñecidas polos órganos de contratación da Xunta.

Ademais, Traballo constituíu a comisión de seguimento para o seguimento do cumprimento da normativa, xa que é o departamento autonómico competente en materia de rexistro e fomento de centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral en Galicia.

O departamento autonómico prevé que arredor de 2.050 cidadáns (persoas con discapacidade e persoal traballador nas unidades de apoio) se beneficien destas subvencións. Na actualidade existen en Galicia dez empresas especializadas de inserción laboral, para as cales Traballo publicará en breve unha liña de axudas específicas.

A Xunta aposta igualmente polos CEE, cunha liña de axudas de 11 millóns de euros para a creación e o mantemento do emprego das persoas con discapacidade. Na actualidade hai 112 destes centros en Galicia.

A XUNTA PORÁ EN MARCHA POR PRIMEIRA VEZ EN ESPAÑA UNHA PIONEIRA MARCA DE GARANTÍA DE CALIDADE PARA O SECTOR NAVAL DE GALICIA E OS SEUS TRABALLADORES

- *O Consello da Xunta da o seu visto e praxe ao informe que reflicte a creación do selo naval e a credencial naval galega, froito dos acordos do Diálogo Social, co obxectivo de avanzar no camiño da excelencia empresarial e como unha carta de presentación inmellorable do sector e os traballadores para os armadores de todo o mundo*
- *O selo naval será unha marca de garantía de calidade rexistrada que acreditará as empresas auxiliares que traballen no sector cun certificado homologado por niveis*
- *A credencial naval será o título habilitante para calquera traballador que queira desenvolver a súa función profesional nun estaleiro dentro de cada unha das 10 profesións relacionadas co sector*
- *O documento apunta que se impulsarán axudas e circuítos de formación para traballadores, a elaboración dunha lei que regule o sector naval galego e a posta en marcha dun innovador fondo patrimonial de garantías para a industria auxiliar*

O Consello da Xunta vén de dar hoxe o seu visto e praxe ao informe elaborado pola Consellería de Economía e Industria en que se reflicte que, froito dos acordos do Diálogo Social, Galicia será a primeira Comunidade Autónoma española en poñer en marcha unha pioneira marca de garantía de calidade para o sector naval de Galicia e os seus traballadores para avanzar no estratexia marcada polo Goberno galego de facer do sector naval autóctono un sector aínda máis competitivo e prioritario para a economía de Galicia.

O documento recolle, nun exemplo máis de traballo man a man co sector naval, que a Consellería de Economía e Industria apoiará o desenvolvemento pioneiro do selo naval e a credencial naval como un conxunto de accións encamiñadas a dotar nosa industria dunha marca de garantía de calidade que “situará as máis de 1.000 empresas e os 10.000 traballadores do sector no camiño da excelencia empresarial e cunha carta de presentación inmellorable para os armadores de todo o mundo.

O informe indica que o selo naval para as empresas será unha marca de garantía de calidade rexistrada que acreditará as firmas que traballen no sector cun certificado homologado por niveis en función do grao de certificación que poidan acreditar. Esta iniciativa vaise levar a cabo coa elaboración dun regulamento en forma de decreto que vai xestionar a marca, e da man do clúster do sector, Aclunaga, e de Asime, así como das organizacións sindicais, co apoio da Consellería de Economía e Industria, impulsarán o desenvolvemento dun plan de sensibilización, divulgación, información e

formación que, ademais das axudas, fomente a implantación e certificación de sistemas de xestión integrados no sector.

No tocante á credencial naval, que se levará a cabo en colaboración coa Xerencia do Sector Naval e das organizacións sindicais, e que tamén se desenvolverá mediante un decreto, o informe salienta que se converterá no título habilitante para calquera traballador que queira desenvolver a súa función profesional nunha empresa do sector naval dentro de cada unha das 10 profesións rexistradas, e que virá dada da man da acreditación das competencias a través da formación regrada, os cursos de formación e a acreditación da experiencia.

Deste xeito, a Xunta de Galicia, cun traballo coordinado entre os responsables de Industria, Educación e Traballo, está a ser pioneira cun proxecto piloto para a implantación da credencial naval en Galicia, desenvolvida ao abeiro do Decreto de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.

A credencial naval, que conformará un título profesional que acreditará os traballadores do sector cunhas determinadas competencias que lles permitirán certificar a súa profesionalidade ante calquera empresa ou organismo, comezará a aplicarse proximamente de xeito piloto na profesión de tubeiro.

Froito dos acordos do Diálogo Social, o documento reflicte que se impulsarán circuitos formativos para traballadores afectados por un ERE que supoña a suspensión do contrato de traballo para mellorar a súa formación e acadar a credencial naval, a elaboración dunha lei que regule o sector naval galego e a posta en marcha dun innovador fondo patrimonial de garantías para a industria auxiliar, como xa informou en reiteradas ocasións o conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, que lles permitirá dotarse de autonomía financeira, ademais de impulsar criterios de discriminación positiva nas de financiamento do Igape para a importante industria auxiliar naval galega.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE ESTABLECE A FOLLA DE RUTA EN MATERIA DE SAÚDE PÚBLICA PARA OS PRÓXIMOS ANOS

- *A misión da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública é vixiar, fomentar, protexer e contribuír a mellorar a saúde da poboación galega*
- *Esta selección de metas, proxectos e liñas estratéxicas ou boas prácticas serán o instrumento para establecer as prioridades da organización e as posicións na toma de decisións de todo tipo no día a día en materia de saúde pública*
- *O departamento que dirixe Pilar Farjas pretende optimizar o método, facendo unha decidida aposta pola máxima eficiencia no aproveitamento dos recursos dispoñibles, pola eficacia no deseño de solucións máis útiles e aplicables, e pola efectividade de toda a organización*
- *Para acadar os nove obxectivos estratéxicos propostos, establécense unhas liñas de actuación que facilitarán o camiño cara ao seu logro*
- *A estratexia da Dirección Xeral para os próximos anos xa foi presentada ao conxunto da organización, e no presente mes de marzo estará rematada a planificación temporal das actividades e tarefas de cada proxecto estratéxico, o que permitirá realizar o seu seguimento mensual, e a súa avaliación intermedia en xuño, e a final en decembro*

O Consello da Xunta, reunido no día de hoxe, vén de abordar un informe do departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía, no cal se recolle o marco xeral de actuación e follla de ruta da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade para os próximos anos, de tal forma que permita explicitar tanto as estratexias xerais e os compromisos ante as autoridades sanitarias e os usuarios, como as revisións anuais da programación e planificación dos proxectos prioritarios para acadar os seus obxectivos.

Cómpre lembrar que a misión da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública é vixiar, fomentar, protexer e contribuír a mellorar a saúde da poboación galega. Esta misión levaráa a cabo a través da planificación das diferentes actuacións que contribúan a mellorar a saúde, a asegurar o libre exercicio dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e a garantir a prestación da saúde pública; e, ademais, a través do desenvolvemento de actuacións comunitarias para o control dos riscos de enfermarse por problemas asociados a determinantes da saúde modificables.

Na elaboración do documento hoxe presentado, partiuse do máis xeral para chegar ao máis concreto, tendo en conta e integrando tanto a situación da cal se comezou, como dos compromisos de Goberno, así como das inxerencias dos equipos que forman a organización.

Esta selección de metas, proxectos e liñas estratéxicas ou boas prácticas serán o instrumento para establecer as prioridades da organización e as posicións na toma de decisións de todo tipo no día a día, para os líderes, mandos intermedios e todo o persoal.

As súas revisións periódicas en xullo e decembro de cada ano farán que este documento da estratexia sexa vivo e permanentemente actualizado.

Nove obxectivos estratéxicos

Sen modificar a misión da organización de Saúde Pública en Galicia, o departamento que dirixe Pilar Farjas pretende optimizar o método, facendo unha decidida aposta pola máxima eficiencia no aproveitamento dos recursos dispoñibles, pola eficacia no deseño de solucións máis útiles e aplicables, e pola efectividade de toda a organización.

Para tal efecto, formuláronse, foron debatidos e acordáronse nove obxectivos estratéxicos para todas as unidades da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

Estes nove obxectivos son: ser unha organización recoñecida pola sociedade; ser referentes na toma de decisións sobre saúde colectiva sendo especialmente útiles e necesarios para outras organizacións, como é o caso do Sergas; ser unha organización innovadora, tanto en aspectos técnicos como de xestión; facer da sustentabilidade económica un criterio esencial de prioridade de actuacións; ser unha organización efectiva na mellora da saúde, eficaz, pero tamén referente na xestión dos recursos; dispoñer de profesionais satisfeitos e valorados; avaliar o impacto do investimento da saúde pública nos resultados do sistema; medir o impacto real en saúde, demostrando o incremento dos resultados obtidos grazas ao traballo realizado; e, ademais, ter capacidade de influencia en organismos autonómicos, nacionais e europeos que toman decisións en saúde.

Todos estes aspectos anteriormente sinalados resúmense en acadar un nivel de planificación e coordinación na Consellería de Sanidade que permita asegurar os dereitos da cidadanía e desenvolver os servizos para mellorar a súa saúde de forma eficiente, contribuíndo, así, á sustentabilidade do sistema. Ser, pois, o punto de referencia na toma de decisións que incidan na saúde comunitaria, sendo unha garantía de seguridade para toda a poboación.

Para acadar os nove obxectivos estratéxicos propostos, establécense unhas liñas de actuación que facilitarán o camiño para o seu logro. Así, incorporárase a toda a sociedade mediante a implicación das entidades locais e as asociacións cidadás na

xestión da súa propia saúde; potenciaranse as funcións de autoridade sanitaria da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, en relación con outros niveis organizativos do sistema sanitario galego; farase unha planificación sanitaria máis eficaz, identificando os factores e accións que máis inflúen na saúde dos galegos, facendo explícitas as prioridades sanitarias; innovaranse os sistemas de información e avaliación, establecendo métodos de avaliación de resultados que permitan avanzar cara ás políticas máis eficientes.

Seguindo coa serie de boas prácticas que permitirán á Dirección Xeral acadar os obxectivos propostos, o documento recolle a incorporación ao sistema de novas fontes de financiamento dispoñibles que contribúan á súa sustentabilidade; mellorar o impacto en saúde, innovando en programas de fomento de estilos de vida saudables, seguridade alimentaria ou vacinas, que fagan cómplice a cidadanía no seu deseño, desenvolvemento e mellora; incrementar a calidade da xestión e a eficiencia dos procesos organizativos, apostando pola súa simplificación e automatización.

Xunto con todo o anterior, fomentárase o desenvolvemento e a satisfacción das persoas que integran a organización, como clave do cambio e sustentabilidade das melloras; impulsáranse iniciativas e ferramentas de colaboración vía web; producíranse e incorporáranse máis informacións de carácter económico para a toma de decisións; participárase máis activamente en foros, comisións e grupos de traballo; estableceráanse canles estables de participación das persoas na simplificación e mellora dos procesos habituais e para a proposta de ideas; incluírase como rutina en todos os programas e elaboración de informes de resultados; e, ademais, estableceráse unha xestión de proxectos adecuadamente planificada que permita o seu debate, prioridade e aprobación, o seu desenvolvemento periódico e a súa implantación piloto e avaliación, previas á súa xeneralización.

Proxectos priorizados

Para avanzar cara ás metas propostas, seleccionáronse, partindo dunha lista inicial e con base na opinión dos técnicos da dirección xeral, os proxectos estratéxicos ou de máxima prioridade.

A estratexia da dirección xeral para os próximos anos xa foi xa presentada ao conxunto da organización, e no presente mes de marzo estará rematada a planificación temporal das actividades e tarefas de cada proxecto estratéxico, o que permitirá realizar o seu seguimento mensual, e a súa avaliación intermedia en xuño, e a final en decembro.

Entre os proxectos estratéxicos seleccionados e priorizados están: proseguir co desenvolvemento do Rexistro Galego de Tumores; o Programa de Vacinación fronte

ao Pneumococo; os novos programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables; a continuación da Integración do Programa de Cribaxe Poboacional de cancro de mama en hospitais comarcais; o Programa de Cribaxe Poboacional de Cancro Colorrectal; a reforma da Rede de Laboratorios de Saúde Pública; o desenvolvemento do Plan de Trastornos Adictivos; o Desenvolvemento da Lei do Alcohol; a creación do Sistema de Información e rexistros públicos de profesionais sanitarios; ou a carteira de servizos de Hidroloxía, etc.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INVESTIRÁ MÁIS DE 483.000 EUROS NA AMPLIACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE SERANTES, EN FERROL

O presidente da Xunta, con motivo da celebración do Consello da Xunta en Ferrol, anunciou a próxima publicación no *Diario Oficial de Galicia* da licitación da obra de reforma e ampliación do centro de saúde de Serantes, en Ferrol.

Para tal efecto, o departamento que preside Pilar Farjas Abadía ten previsto destinar a cantidade de 483.897 euros nesta infraestrutura, que conta cun prazo de execución de 15 meses.

A ampliación e mellora do centro de saúde deixará o edificio distribuído en soto, baixo andar, e primeiro andar nos cales se distribúen cinco consultas de medicina xeral, cinco de enfermaría, unha de pediatría e outra de matrona.

Tamén contará con espazo para a docencia, sala de espera, sala de extraccións, sala de técnicas e sala polivalente; así como arquivo e outras instalacións xerais como aseos ou vestiarios.

Actualmente, o centro de saúde de Serantes atende un total de 6.478 tarxetas sanitarias, das cales máis de 1.400 son maiores de 64 anos e 464 corresponden a pacientes en idade pediátrica.

A XUNTA IMPULSA A TRAMITACIÓN DA CANDIDATURA DE 'FERROL DA ILUSTRACIÓN' PARA A SÚA INCLUSIÓN NA LISTA DO PATRIMONIO MUNDIAL DA UNESCO

- ***O Consello da Xunta informou hoxe dos avances na tramitación do expediente para que a candidatura de 'Ferrol da Ilustración' poda ser incluída na lista do patrimonio mundial da Unesco***
- ***A Consellería de Cultura e Turismo marcou como prioridade para os vindeiros anos traballar na elaboración do expediente necesario para a dita solicitude, por tal motivo asinouse recentemente un convenio de 90.000 euros coa Fundación Ferrol MetrÓpoli***
- ***A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural está preparando conxuntamente con outras organizacións unha candidatura documentada e completa que poida aspirar nas mellores condicións á dita distinción. A catalogación de fontes documentais e a elaboración de informes é un traballo que xa está avanzado, pero que require ir actualizando cos novos matices que establece a Unesco e para o que é imprescindible a colaboración de todas as administracións***

O Consello da Xunta informou hoxe do avances na tramitación do expediente para que a candidatura de *Ferrol da Ilustración* poda ser incluída na lista do Patrimonio Mundial da Unesco. A Consellería de Cultura e Turismo marcou como prioridade para os vindeiros anos traballar na elaboración do expediente necesario para esta futura solicitude. Deste xeito, asinouse recentemente un convenio de colaboración coa Fundación Ferrol MetrÓpoli e establecéronse as liñas de traballo para a consecución dun obxectivo en que se deben implicar todas as administracións.

A Consellería de Cultura e Turismo asinou un convenio de 90.000 euros coa Fundación Ferrol MetrÓpoli para a compilación de información e documentos, así como para axeitarse aos modelos que a Unesco require. O obxecto do devandito convenio é a preparación da candidatura do *Ferrol da Ilustración* para a lista do patrimonio mundial da Unesco e contempla a realización dos seguintes traballos: finalización de labores de catalogación de fontes documentais e bibliográficas; finalización de planimetría xeorreferenciada; estudos comparativos con bens culturais de análoga natureza; supervisión do contido do expediente; edición de traballos monográficos que apoien as valoracións dos bens culturais; e a redacción de propostas de plans directores de xestión.

Os traballos mencionados anteriormente están a ser realizados por expertos na materia. Actualmente parte destes estudos xa están executados, principalmente os que responden á compilación documental e planimetría, así como os avances dalgún

dos plans directores. Toda a documentación producida ao abeiro deste convenio deberá ser recollida e supervisada para darlle forma ao expediente de solicitude de inclusión do ben na lista do patrimonio mundial. Neste eido, debe terse en conta que (máis ou menos cada dous anos) a Unesco introduce novos matices sobre a formalización dos expedientes e novas liñas de información, xestión, sustentabilidade, que deberán incorporarse no momento efectivo en que o expediente sexa tramitado.

Asemade, a Unesco establece como requisito indispensable a creación dunha entidade de xestión do ben que implique a todas as institucións relacionadas el. Unha vez creado este órgano de xestión deben de establecerse con claridade as súas competencias e dotalo de medios suficientes para o seu funcionamento. A Unesco tamén valora en gran medida as campañas de sensibilización social e as medidas de fomento e de protección que se realicen no ámbito do ben, o que implica o desenvolvemento dun programa de estudos e actividades que debe ser coordinado tanto pola administración autonómica como pola administración local. As campañas de difusión e as actividades ao redor do ben cultural deben alcanzar tanto niveis populares como de especialidade científica.

Despois da recente experiencia e éxito da declaración da Torre de Hércules, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural está preparando conxuntamente con outras organizacións unha candidatura documentada e completa que poida aspirar nas mellores condicións á obtención desta distinción. De todos xeitos, hai que ter en conta que neste caso o ámbito protexible é amplo e complexo, polo que levará uns anos preparar toda a documentación necesaria. O número de candidaturas que pode presentar cada país é limitado: unha de patrimonio cultural e outra natural. *Ferrol da Ilustración* deberá competir con outras candidaturas nacionais cada ano, polo que o expediente debe ser o máis completo e rigoroso posible e a implicación de todas as administracións debe canalizarse nun único esforzo conxunto, a todos os niveis.

Conxunto patrimonial histórico do século XVIII

A cidade de Ferrol foi a porta de entrada do Academicismo en Galicia, constituíndo un caso especial da evolución e presenza da Ilustración en Galicia, que entrou da man dos militares e enxeñeiros chegados á súa base naval desde comezos do século XVIII en que se converte na capital do Departamento Marítimo do Norte. Isto foi o punto de partida para o deseño e construción do arsenal de Ferrol, o establecemento máis importante de construción naval do século XVIII en España, o que doutra banda, daría lugar á construción, por *Antonio Raymundo Ibáñez*, exemplo de home ilustrado en Galicia, do complexo siderúrxico da Real Fábrica de Sargadelos cuxo alto forno sería o máis importante de España a finais do século XVIII.

O *Ferrol da Ilustración* é un conxunto patrimonial histórico que ten unha complexa unidade, produto do seu deseño e construción “ex novo”: unidade no espazo que é a xeografía da ría de Ferrol, unidade no tempo dos seus proxectos e execución material que é a segunda metade do século XVIII e a súa prolongación no século XIX, unidade estética polo seu estilo e tecnoloxía académicos (da Ilustración). A autenticidade do conxunto do *Ferrol da Ilustración* apréciase en todas as principais construcións de enxeñaría e arquitectura, xa que se conservan co deseño e materiais do século XVIII, sen adicións miméticas, destacando a calidade da pedra de granito orixinal. A integridade deste conxunto tamén se observa na maioría de bens e partes intactas que non sufriron guerras, nin catástrofes e que tiveron un bo mantemento.

O conxunto do Ferrol da Ilustración é unha obra mestra do Estado, realizada por persoal das novas academias do século XVIII, onde destaca a “orde”: organización (funcionalidade) e modelos construtivos (ciencia). Todo iso proxectado e executado seguindo o modelo utópico do porto ideal do clasicismo. O porto de Ferrol foi unha auténtica integración da arte e a ciencia mundial do século XVIII, pero tamén transmitiu o seu modelo e innovacións, sobre todo como porto exemplar para o “Camiño Real Intercontinental” (de España). Este conxunto é un testemuño único da cultura portuaria do século XVIII, xa que foi construído todo nese século e outros portos similares foron modificacións doutros anteriores, así como mostra a gran novidade de dársena e diques de abrigo.

AS AXUDAS AO SECTOR TRANSFORMADOR E COMERCIALIZADOR OUTORGADAS POLA CONSELLERÍA DO MAR PERMITIRÁN CREAR 170 NOVOS POSTOS DE TRABALLO EN GALICIA

- *As empresas beneficiadas por estas subvencións no 2010, na súa maioría conserveiras, comprometéronse a incorporar 121 mulleres, o que supón un 71% do total*
- *A Consellería do Mar presentou un informe ao Consello da Xunta no que se dá conta das distintas axudas concedidas á industria transformadora e comercializadora o ano pasado, coa finalidade de facela máis competitiva*

As axudas outorgadas pola Consellería do Mar á transformación e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura permitirán crear 170 novos postos de traballo. Así o especifica o informe presentado esta mañá pola Consellería do Mar ao Consello da Xunta no que se dá conta das distintas axudas concedidas a esta industria o ano pasado, coas cales a Consellería busca o crecemento do tecido empresarial da industria de comercialización e transformación da pesca en Galicia, a través da súa modernización e mellorando a súa competitividade.

Esta cifra é importante tendo en conta que estamos a falar dun sector en que a temporalidade é elevada, e sobre todo dadas as actuais condicións económicas. Do informe despréndese que o 71,18% do total, é dicir, 121, será emprego feminino, que segue a medrar neste sector, no cal case 6 de cada 10 postos de traballo corresponden a mulleres, cun total de 1.960, fronte a 1.355 homes. Así, un 34% das empresas que recibiron axudas crearán emprego mentres que o 65% restante manterá todos os seus postos de traballo, sen destruír emprego.

O departamento que dirixe Rosa Quintana concedeu 24.338.427 euros con fondos FEP a axudas destinadas á modernización de maquinaria e instalacións, automatización de procesos, implantación de novas liñas, mellora do proceso produtivo, calidade e rastrexabilidade dos produtos, adquisición de equipo e maquinaria, optimización de sistemas de depuración e minimización do consumo enerxético, instalación de sistemas para reutilización de augas de procesos e a elaboración de produtos a partir de refugallos.

Dos 93 proxectos seleccionados, a maioría, un 59,14%, céntrase nas melloras hixiénicas, transparencia no mercado ou rastrexabilidade. Un 35,48% son para produtos de alta gama, un 24,73% contribúen á protección ambiental e un 11,83% están incluídos dentro dos proxectos innovadores. A práctica totalidade das sociedades beneficiarias das axudas está clasificadas como pequenas e medianas empresas (93%). Respecto do tipo de empresas, a maioría son conserveiras.